




TEMÁTICAS POR COLEXIO:

- 1 CEIP Nétoma-Razo - O Mar
- 2 CPR Artai - Camiño de Santiago
- 3 CEIP Bergantiños - Saúde e deporte
- 4 CRA Ponte da Pedra - Especies autóctonas: O Carballo
- 5 CEIP Fogar - O fogar polo mundo
- 6 CEIP A Cristina - A Arte move o mundo
- 7 CEIP Xesús San Luis Romero - O camiño dos faros
- 8 CEIP Canosa-Rus - A regueifa e a arte
- 9 CEIP Gándara-Sofán - A danza e a cultura galegas



ORGANIZAN

Asociación Socio-Pedagóxica Galega
Concello de Carballo

PATROCINA

Fundación Luis
Calvo Sanz

AGRADECEMENTOS

A todo o profesorado e alumnado dos centros de ensino de Carballo pola súa colaboración e implicación coa Semana do Libro.



CARBALLO É...

XV SEMANA DO LIBRO E A LECTURA

Do día 25 ao 29 de abril de 2022

Centros de Educación Infantil e Primaria de Carballo (pola maná)
Biblioteca Municipal Rego da Balsa (pola tarde)



PATROCINA
Fundación
Luis Calvo Sanz

ORGANIZAN
concello de
CARBALLO
aspg
ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

ACTIVIDADES CONCERTADAS COS CENTROS DE ENSINO

De luns a venres nos propios centros

LUNS 25

A VOAR. Cé Orquestra Pantasma.

Ao son do enerxético ritmo de Cé Orquestra Pantasma, cóntase e cántase a viaxe da pequena Xoana, xoaniña, que, movida pola curiosidade e o desexo de voar, emprenderá unha longa viaxe que a súa vida mudará.

MARTES 26

CONTOS QUE ME CONTARON NOS CAMIÑOS. María da Pontragha.

Contos de tradición oral galega para non esquecer de onde vimos e asegurar que imos por bo camiño. Os camiños percórrense fácil sen necesidade de coche ou avión: sentade, abride os ollos e axustade as amarrallas dos zapatos que imos!

NON TEÑAS MEDO Á MORTE. María da Pontragha.

Podes morrer coa risa, chorar coa risa, e tamén rir coa morte! Percorreremos un longo camiño en compañía, nunha contada festiva e alegre, na que non hai tempo de laiarse nin choromicar! Escoitas as campás??? Agarda, escoita.... e se tes medo... Peidea forte!

CONSTRUÍNDO ILUSIÓN. Mago David Méndez.

Obradoiro máxico, dinámico e divertido onde coñeceremos os conceptos fundamentais da maxia e aprenderemos a facer xogos e coñeceremos as infinitas posibilidades que ofrece a arte de ilusionar.



MÉRCORES 27

A MÁQUINA DO TEMPO. Teatro Ghazafellos.

A doutora Mon e o seu axudante Pe fan un percorrido pola historia das civilizacións coa axuda da súa máquina do tempo. Durante o espectáculo precisarán da axuda do público que viaxará xunto coa doutora e o seu axudante a distintas épocas da nosa historia.

OBRADOIRO ROBÓTICA. M8factorial.

Despois dunhas primeiras nocións sobre o funcionamento da electrónica, centrarémonos na construción e programación dunha barreira mecánica que se activa coa presenza dun coche, mediante o uso dun sensor ultrasónico de distancia.

XOVES 28

ESTRAFALARIA. Xarope Tulú.


Estrafalaria é un espectáculo que combina a narración oral coa manipulación de obxectos onde a rapazada participa activamente do relato. As personaxes que interveñen na historia caracterízanse pola súa peculiaridade e levan a diferenza como bandeira.



VENRES 29

DESCONCERTO. Félix Rodríguez e Fran Rei.

Os nosos protagonistas chegan tarde ao recital. Coa orquestra a piques de comezar e o público preparado para gozar, vense na obriga de improvisar para saír da situación. O espectáculo é un achegamento á música clásica a través do humor.



EXPOSICIÓNS PERMANENTES NA BIBLIOTECA REGO DA Balsa

Exposicións de traballos elaborados por alumnas e alumnos dos centros de ensino de Carballo.

Permanecerán abertas polas tardes para o público en xeral.



TARDES DE CONTOS, MÚSICA E MAXIA

Actividades abertas ao público de luns a venres ás 18:00 horas



LUNS 25

A VOAR. Cé Orquestra Pantasma.

Ao son do enerxético ritmo de Cé Orquestra Pantasma, cóntase e cántase a viaxe da pequena Xoana, xoaniña, que, movida pola curiosidade e o desexo de voar, emprenderá unha longa viaxe que a súa vida mudará.

MARTES 26

MAXIA DE AQUÍ E DE ACOLÁ. Mago David Méndez.

Unha mestura entre maxia, comedia e improvisación, onde a participación do público está presente en todo momento. Unha escenificación máxica versátil e áxil que usa elementos cotiáns e tradicionais que poden emerxer da nada, esvaecerse, levitar ou trocar de aparencia.

MÉRCORES 27

A MÁQUINA DO TEMPO. Teatro Ghazafellos.

A doutora Mon e o seu axudante Pe fan un percorrido pola historia das civilizacións coa axuda da súa máquina do tempo. Durante o espectáculo precisarán da axuda do público que viaxará xunto coa doutora e o seu axudante a distintas épocas da nosa historia.

XOVES 28

BICHOCAS. Xarope Tulú.

Bichocas é un espectáculo onde os obxectos e a palabra nos fan viaxar a través do mundo animal. As protagonistas das nosas historias aprenderán nesta viaxe a importancia de seren diversas e a posibilidade de compartir coas demais os seus afectos.

VENRES 29

DESCONCERTO. Félix Rodríguez e Fran Rei.

Os nosos protagonistas chegan tarde ao recital. Coa orquestra a piques de comezar e o público preparado para gozar, vense na obriga de improvisar para saír da situación. O espectáculo é un achegamento á música clásica a través do humor.